



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 29 DE DECEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Adaptación da estrada LU-231 (Friol-A Baiuca), puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54), ao Plan de baixa IMD mellorada. Treito: puntos quilométricos 0+000-9+400, de clave LU/16/075.10.1, nos concellos de Friol e Palas de Rei (Lugo).
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Reformulación do proxecto: itinerario peonil e ciclista na AC-214, Sigrás, p.q. 8+500-9+260, de clave AC/18/186.06, no concello de Cambre (A Coruña).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe legalmente establecida nos pagamentos anticipados no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Federación Deportiva Galega de Piragüismo para levar a cabo as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro (Pontevedra), por un importe de cento quince mil euros (115.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe legalmente establecida nos pagamentos anticipados no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da liga galega de traiñeiras masculina e feminina da tempada 2021, por importe de cento dez mil euros (110.000,00 €).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe máxima de pagamentos anticipados con relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos para o exercicio 2021, por importe de setecentos mil euros (700.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade exterior (BEME) durante o curso 2021/22, por un importe total de un millón setecentos vinte mil euros (1.720.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a exención de constitución de garantías con base no artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con relación a II Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias como entidade colaboradora na xestión de subvención e para o desenvolvemento do Plan de inclusión dixital no eido da Administración local.
- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para establecer que o importe conxunto dos pagamentos á conta alcance o 90 % da porcentaxe subvencionada, así como para eximir os beneficiarios das ditas subvencións da obriga de constituír garantías nos pagamentos á conta que poidan recibir, en relación coa Resolución da directora da Axencia para a Modernización de Galicia pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, e se procede á súa convocatoria para o período 2021-2023, por un importe de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Sociedad Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas España, S.A. (ACUAES), a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a execución e explotación da nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Silvouta, por importe de cincuenta e seis millóns douscentos oitenta mil euros (56.280.000 €), IVE excluído.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Ampliación das instalacións da Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), de clave PO/20/161.70, de sete millóns douscentos sesenta e seis mil novecentos corenta euros con trinta e catro céntimos (7.266.940,34 €) e cun valor estimado de seis millóns cinco mil setecentos trinta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (6.005.735,82 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en relación coas axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de dous millóns catrocentos setenta e dous mil euros (2.472.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en relación coas axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de seis millóns novecientos vinte mil setecentos euros (6.920.700,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en relación co programa de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, por un importe total de oito millóns douscentos sesenta e dous mil euros (8.262.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración asinado o 29 de abril de 2020 entre a Consellería de Cultura e Turismo, o Cabido do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela e a Fundación Catedral de Santiago para o desenvolvemento e execución das actuacións de conservación e reparación de diversos paramentos e sistemas construtivos da Catedral de Santiago de Compostela, por un importe de douscentos vinte dous mil euros (222.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego e Igualdade, de conformidade co previsto nos artigos 62, 63 e 67 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a eximir da constitución de garantías e incrementar as porcentaxes máximas dos pagamentos anticipados das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, por un importe total de oitocentos mil euros (800.000,00 €).

- Acordo polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (23.182.110 euros).
- Acordo polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (7.057.092,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación dos servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario), e o hospitalario urxente, na Área de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe total de licitación de trece millóns cincocentos oitenta e tres mil novecentos setenta e tres euros con cincuenta e sete euros (13.583.973,57 €) e un valor estimado de vinte e sete millóns trescentos cincuenta e cinco mil cincocentos corenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (27.355.545,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a Contratación do servizo de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e hospitalario urxente, na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés por un importe total de once millóns catrocentos sesenta e sete mil setecentos setenta e sete euros con noventa e catro céntimos (11.467.777,94 €) e un valor estimado de dezanove millóns douscentos noventa e dous mil novecentos oitenta e cinco euros con dez céntimos (19.292.985,10 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) aos pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servicio Galego de Saúde, na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, por un importe total de catorce millóns douscentos sesenta e sete mil catrocentos oitenta euros con cinco céntimos (14.267.481,05 €), e un valor estimado de vinte e tres millóns oitocentos cincuenta mil dous centos oitenta e cinco euros con setenta e nove céntimos (23.850.285,79 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario, aos pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servicio Galego de Saúde, da Área Sanitaria de Vigo, por un importe total de licitación de dezasete millóns trescentos corenta e oito mil dez euros con corenta e cinco céntimos (17.348.010,45 €), IVE exento, e un valor estimado de vinte e nove millóns cento cincuenta e nove mil oitocentos noventa e un euros con trece céntimos (29.159.891,13 €).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario non urgente (ambulatorio e hospitalario) e hospitalario urgente, na Área Sanitaria de Ferrol, por importe base de licitación de oito millóns catrocentos quince mil oitocentos setenta e dous euros con noventa e seis céntimos (8.415.872,96 €), sen IVE, e un valor estimado de dezaseis millóns oitocentos setenta e dous mil cincocentos vinte euros con corenta e un céntimos (16.872.520,41€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario non urgente (ambulatorio e hospitalario) e hospitalario urgente, na Área Sanitaria da Coruña e Cee, por importe de doce millóns douscentos sesenta e cinco mil catrocentos noventa e nove euros con setenta e catro céntimos (12.265.499,74 €), sen IVE, e un valor estimado de vinte e catro millóns cincocentos noventa e sete mil novecentos corenta e seis euros con setenta e oito céntimos (24.597.946,78 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa para segundos fillos ou fillas e sucesivos/as en escolas infantís 0-3 e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022 (código de procedemento BS420C). Importe: dez millóns seiscentos trinta e seis mil trescentos sesenta e catro euros (10.636.364,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede Galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento BS700A). Importe total: tres millóns sesenta e nove mil trescentos trinta e sete euros (3.069.337,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da modificación e prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cruz Roja Española en Galicia, para a execución dun programa extraordinario de axuda para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola covid-19. Importe: catorce millóns de euros (14.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a realización de pagamentos á conta en porcentaxe superior á establecida no artigo 62

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e á exención da obriga de constituír garantías nos pagamentos á conta nas axudas que se concedan para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías, no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, convocadas para o 2021 e con tramitación anticipada de gasto.

INFORMES**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Informe sobre as axudas postas en marcha pola Xunta de Galicia para contribuír a minimizar o impacto económico e social nos sectores máis afectados polas consecuencias da pandemia da covid-19.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a orde de axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia do servizo de almacenamento, distribución e loxística da vacina contra a covid-19, de acordo co establecido no artigo 120.1.b) da Lei de contratos del sector público.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia de subministracións de material sanitario para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de dous millóns sesenta e tres mil catrocentos sesenta e sete euros con oitenta e sete céntimos, IVE incluído (2.063.467,87 €).

AS PRIMEIRAS DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA ENTRARÁN EN VIGOR NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2021, SITUANDO Á COMUNIDADE ENTRE AS MÁIS AVANZADAS NO EIDO PAISAXÍSTICO

- ***O Consello da Xunta aprobou definitivamente o Decreto desta nova ferramenta de protección e xestión da paisaxe, unha materia que se integrará na totalidade de iniciativas que se leven a cabo no territorio galego, co obxectivo de protexer os valores paisaxísticos***
- ***Recolle normas e recomendacións que se deberán ter en conta en todas as fases dunha iniciativa, con independencia da súa natureza e do seu promotor***
- ***A modo de exemplo, establécese como norma a promoción de medidas para substituír masas de eucalipto e priorizar as autóctonas, ao tempo que se recomenda favorecer a expansión de bosques de frondosas autóctonas***
- ***Tamén se fixa como norma, na xestión dos espazos naturais, dar prioridade á rexeneración das zonas que sufran impactos paisaxísticos, como incendios, verteduras ou similares***

As primeiras Directrices da paisaxe de Galicia entrarán en vigor no primeiro trimestre de 2021, despois de que o Consello da Xunta -na súa reunión de hoxe- aprobase o proxecto de decreto desta nova ferramenta de protección, xestión e conservación da paisaxe e que conta co visto e prace do Consello Asesor da Paisaxe. Grazas a este novo paso, Galicia sitúase entre as comunidades máis avanzadas no eido paisaxístico.

As Directrices da paisaxe son un documento no que se recollen normas e directrices que deberán integrarse na totalidade de iniciativas que se promovan no territorio galego, coa finalidade de preservar e coidar os valores paisaxísticos, é dicir, búscase compatibilizar a protección e mellora da paisaxe co desenvolvemento económico de Galicia.

No documento diferéncianse unha serie de normas, que serán obrigatorias para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística, así como para as estratexias rexionais e locais, e unha listaxe de recomendacións, que son orientativas e suxiren limitacións ou condicións de carácter xenérico.

As directrices deberán integrarse en calquera plan, programa ou proxecto que se leve a cabo en Galicia e, polo tanto, deberán ter en conta os valores paisaxísticos en todas as súas fases, respectando o carácter diferenciado das grandes áreas paisaxísticas e dos diferentes tipos de paisaxes.

Así, en relación coas normas, destácase o feito de que as infraestruturas enerxéticas (os tendidos e redes) deberán ser subterráneas no caso dos novos desenvolvementos urbanísticos, e os proxectos de alta tensión que atravesen unha área de especial interese paisaxística (AEIP) calcularán a órbita visual desde todas as alternativas de trazado; así mesmo, nas AEIP só se permitirá a apertura dunha canteira ou mina se está rigorosamente xustificada e non ten impacto, e deberán establecer limitacións respecto das plantacións de eucaliptos, establecendo como norma a promoción de medidas para substituír masas de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

eucalipto e priorizar as autóctonas, ao tempo que se recomenda favorecer a expansión de bosques de frondosas autóctonas.

En canto á xestión dos espazos naturais protexidos, como norma darase prioridade á rexeneración das zonas que sufran impactos paisaxísticos como incendios, verteduras ou similares e nos plans e instrumentos de ordenación forestal fixaranse medidas para a eliminación e prevención das especies vexetais invasoras.

Nas directrices tamén se fai referencia ás consideracións sobre as infraestruturas e vías de comunicación, incluíndo condicións e criterios de integración, recomendacións para un tratamento axeitado do valor das vistas panorámicas desde as vías de comunicación ou que as pontes de máis de 50 metros de lonxitude requirirán dun informe do organismo competente en materia de paisaxe. Non obstante, fíxase como norma a obrigatoriedade de retirar os carteis, paneis e demais sinalética de obras ou actuacións públicas rematado o prazo de permanencia que determinen os compromisos adquiridos no seu financiamento, así como empregar especies vexetais autóctonas para a revexetación dos elementos viarios, como medianas, rotondas ou noiros.

En relación con posibles actuacións no Camiño de Santiago, as directrices indican que dentro das zonas visibles do Camiño, e a menos de 500 metros deste, seguindo o criterio que se establece na Lei de patrimonio cultural, os cambios de actividades agroforestais requirirán da xustificación mediante unha análise de visibilidade baseada no cálculo da órbita visual.

Coa aprobación, e entrada en vigor desta ferramenta, Galicia avanza un chanzo máis no camiño iniciado polo actual Goberno hai máis dunha década para protexer a paisaxe, dez anos durante os cales se aprobou o Catálogo das paisaxes, o deseño das guías da paisaxe galega e a aprobación do regulamento da Lei da paisaxe, así como a posta en marcha dos primeiros pactos pola paisaxe.

O Goberno galego móstrase convencido de que as paisaxes forman parte do que somos como sociedade, do presente e tamén do futuro, porque a calidade da paisaxe é un perfecto indicador do grao de desenvolvemento dunha sociedade, polo que a boa xestión e ordenación son factores que se deben ter en conta para mellorar a competitividade dun territorio.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR A 1ª FASE DE MELLORA DA ESTRADA LU-231, ENTRE FRIOL E PALAS DE REI, CUN INVESTIMENTO DE CASE 2,8 MILLÓNS DE EUROS

- *O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 222 predios necesarios para esta actuación*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará no primeiro trimestre de 2021 as obras, que disporán dun prazo de execución de 12 meses*
- *Trátase do acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei*
- *A sección da estrada ampliarase dos 5 aos 8 metros e mellorarase o trazado, suavizando as curvas de menor raio*
- *A Xunta acondicionará esta vía en dúas fases, para o cal se contratou a redacción de dous proxectos construtivos, o segundo está redactado e en supervisión*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para executar a primeira fase das obras de mellora da estrada LU-231, entre Friol e Palas de Rei, cun investimento de case 2,8 millóns de euros.

O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 222 predios necesarios para acometer o acondicionamento da vía.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto o levantamento de actas previas e a licitación do contrato de obras no primeiro trimestre de 2021. As actuacións disporán dun prazo de execución de 12 meses, aproximadamente.

Trátase do acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei, é dicir, o treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo.

A sección da estrada ten actualmente un ancho aproximado de 5 metros, polo que os carrís son estreitos e non contan con beiravías. Esta sección ampliarase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m, salvo na zona con máis edificacións.

O proxecto prevé melloras do trazado, suavizando as curvas de menor raio. Cabe salientar que se mellorará o cruzamento do punto quilométrico 2+100 coa estrada provincial LU-P-1611, pola cal se chega a Guntín, nun sentido, e a Begonte (A-6), no outro.



A estrada LU-231 ten aproximadamente 18,7 quilómetros desde a travesía de Friol ata o enlace coa A-54 máis próximo ao núcleo de Palas de Rei. A Xunta ten previsto a súa mellora en dúas fases, para o que contratou a redacción de dous proxectos construtivos, o segundo está redactado e en fase de supervisión técnica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A execución desta actuación permitirá conformar xunto coa estrada provincial LU-P-1611 un eixe norte-sur de mobilidade con prestacións axeitadas entre a A-54 en Palas de Rei e a A-6 en Begonte, nun punto moi próximo ao sen enlace coa A-8.

Este eixe viario suporá a mellora da competitividade para a produción do sector primario e a industria desta contorna da provincia de Lugo.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA AC-214 EN SIGRÁS, NO CONCELLO DE CAMBRE, CUN INVESTIMENTO DE 878.000 EUROS

- *O orzamento inclúe o pagamento dos 21 predios necesarios para executar as obras*
- *Executarase un itinerario duns 720 metros de lonxitude, desde o cruzamento coa AC-213 e a N-550, nos núcleos da Telva, A Xira e A Pena de Sigrás de Abaixo*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre do vindeiro ano*
- *A senda adaptará a súa configuración ás edificacións existentes nas marxes da estrada e ampliarase a calzada entre os puntos quilométricos 8+860 e 9+280, acondicionando nas zonas que sexa posible banda de aparcadoiro*
- *O Goberno galego desbloquea a actuación ao darse por descartado o cumprimento do compromiso por parte do Concello para poñer á disposición da Administración autonómica todos os terreos necesarios para a execución das obras*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar unha senda peonil na estrada autonómica AC-214, en Sigrás, ao seu paso polo concello de Cambre.

O Goberno galego autoriza un investimento de 878.000 euros, dos cales 93.000 se destinarán ao pagamento das expropiacións dos 21 predios necesarios para a súa execución.

O obxectivo desta intervención é a mellora da mobilidade peonil e da seguridade viaria na estrada AC-214, coa construción dunha senda, fundamentalmente peonil, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 8+500 e 9+260, desde a intersección tipo glorieta coa AC-213 e a N-550, dentro dos núcleos da Telva, A Xira e A Pena de Sigrás de Abaixo.


A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre do ano 2021. Os traballos teñen un prazo de execución de 9 meses.

Segundo o proxecto redactado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, o novo itinerario, duns 720 metros de lonxitude, contará con pavimento de formigón e cunha sección variable adaptada á configuración da estrada, que conta con edificacións nas súas marxes. En calquera caso, garántese a accesibilidade mediante unha sección mínima de 1,80 metros, máis 20 centímetros de bordo transitable de separación da calzada.

Ademais, ampliarase a calzada entre os puntos quilométricos 8+860 e 9+280, xa que a actual sección é insuficiente, e conseguiranse dous carrís de 3 metros e beiravías de 0,5 metros. Nas zonas en que sexa posible acondicionaranse banda de aparcadoiro.

Consello da Xunta

Mapa de situación da senda prevista na estrada autonómica AC-214, en Sigrás:



Planta xeral da actuación



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta



**AUTORIZADO O CONVENIO ENTRE A XUNTA E A FEGAPI PARA VERDUCIDO,
QUE VOLVE ACADAR A SÚA CONTÍA MÁXIMA: 115.000 EUROS**

- ***Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2021, a Secretaría Xeral para o Deporte concederalle á Federación unha subvención de 115.000 euros, o mesmo importe que en 2019 e 2020 e un 9,5 % máis que a cantidade consignada en 2018 (105.000 euros)***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo (Fegapi) para levar a cabo as actividades de mantemento e conservación do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, no concello de Pontevedra, así como para os gastos de funcionamento destas instalacións pola cesión outorgada pola Secretaría Xeral para o Deporte á Federación de Piragüismo. Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ao longo de todo o ano 2021, a Secretaría Xeral para o Deporte concederalle á Federación unha subvención de 115.000 euros, o mesmo importe que o destinado en 2019 e 2020 e un 9,5 % máis que en 2018 cando se consignaron a este respecto 105.000 euros. Esta cantidade xa reflectía unha suba do 5 % respecto ao consignado en 2015 e 2016, cando se destinaron 100.000 euros.

Deste xeito dáse cumprimento á competencia exclusiva da Comunidade Autónoma establecida no Estatuto de autonomía da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes. No exercicio desta competencia, a Xunta de Galicia proxectou e executou a obra de construción do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, co obxectivo de destinarse á formación, preparación e especialización dos deportistas galegos da modalidade do piragüismo. O Complexo Náutico debe ser xestionado de tal xeito que garanta o seu máximo rendemento deportivo, a través da aplicación de acordados programas técnico-deportivos que abarquen desde a base ao alto rendemento, garantindo un contexto idóneo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos nos ámbitos deportivo, pedagóxico e social.

Ademais da mellora da tecnificación e rendemento no piragüismo de Galicia, cómpre optimizar o centro de cara á consecución de melloras similares en todas aquelas modalidades deportivas que poidan beneficiarse do uso destas instalacións polas súas características específicas e posibilidades que ofrecen. Deste xeito, o 10 de agosto de 2017 a Secretaría Xeral para o Deporte asinaba un convenio de colaboración coa Federación Galega de Piragüismo polo que se lle outorgaba a concesión do Complexo Náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, por un período de cinco anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de 75 anos.

Ademais das funcións establecidas no convenio e que se cinguen ao mantemento, conservación e funcionamento do complexo deportivo, a Federación Galega de Piragüismo deberá velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes, así como cumprir o establecido



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

na Lei 19/2007 do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte; colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 2 de abril; posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención nas actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar; velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte; velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte; fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos, con especial atención á poboación en idade escolar; ou garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS

- ***A organización da LGT masculina e feminina alcanzará un importe máximo de 110.000 euros, sendo 90.000 euros o consignado en 2018***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da Liga Galega de Traiñeiras masculina e feminina da tempada 2020, que neste ano alcanzará un importe máximo de 110.000 euros, o mesmo importe adxudicado en 2019 e 2020 e que representa unha subida do 22 % con respecto ao consignado en 2018, cando se destinaron 90.000 euros. Naquel momento, o importe total tamén se incrementara nun 12,5 % con respecto a 2017.

A Asociación Liga Noroeste é a responsable da organización da Liga Galega de Traiñeiras, que tanto na categoría masculina como na feminina é a competición desta modalidade de remo que aglutina todos os clubs que participan nesta actividade en augas galegas.

Deste xeito, o obxecto do convenio autorizado hoxe é establecer os mecanismos de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste para a organización e desenvolvemento da Liga Galega de Traiñeiras correspondente á tempada 2021.

Con este convenio a Secretaría xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva, no ano 2021, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego.

Na tempada 2020 que acaba de rematar, 22 clubs competiron na Liga Galega de Traiñeiras. Doce deles competiron na Liga A: SD Tirán-Pereira, SD Samertolameu-Oversea, CR Vilaxoán, CM Bueu-Teccarsa, CR Cabo de Cruz, CR Mecos, AD Esteirana, CR Rianxo, CR Muros e CDM Mera; seis deles, na Liga Feminina: CR Cabo de Cruz, SD Tirán-Pereira, CR Salgado-Perillo, SD Samertolameu-Fandicosta, CR Chapela e CR Rianxo, e outros seis equipos, na Liga B: CR Puebla, CCD Cesantes, CR Salgado-Perillo, CR Narón, CR Chapela e CM Castropol.

Ata o día 10 de xaneiro do vindeiro ano, unha vez realizadas as preinscricións na Liga Galega de Traiñeiras, non se coñecerán os equipos participantes na tempada 2021.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS SUBVENCÍONS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS PARA O ANO 2021, QUE TERÁ UN ORZAMENTO DE 700.000 EUROS

- ***No que respecta ao material sanitario, inclúese equipamento de seguridade e prevención inventariable no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da covid-19 (anteparos, sistemas de ventilación, sistemas de dispensadores de hidroxelos, sistemas de toma de temperatura, etc.).***

O Consello da Xunta autorizou a superación da porcentaxe máxima dos pagamentos anticipados para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos e realización da súa convocatoria para o ano 2021 por un importe total de 700.000 euros, a mesma contía que a destinada en 2020, o que cómpre salientar debido ao contexto de pandemia en que nos atopamos actualmente. No exercicio anterior si se produciu un incremento do 16 % con respecto ao orzamento inicial destinado en 2019.

Do mesmo xeito que en 2020, a relación de equipamentos deportivos subvencionables non será limitativa e poderase ampliar a lista de material inventariable sempre que quede xustificada a súa utilización para a práctica deportiva desenvolvida. No que respecta ao material sanitario, inclúese equipamento de seguridade e prevención inventariable no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da covid-19 (anteparos, sistemas de ventilación, sistemas de dispensadores de hidroxelos, sistemas de toma de temperatura, etc.).

Ademais, os clubs deportivos galegos, sociedades anónimas deportivas e as federacións deportivas galegas poderán recibir o pagamento do 100 % da subvención concedida de xeito anticipado, grazas á autorización do Consello da Xunta.

As entidades beneficiarias deben estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia na data da publicación da convocatoria anual de subvencións e ter actualizados os seus estatutos ás disposicións vixentes en materia deportiva.

O financiamento outorgado polo Goberno galego será do 80 % do gasto subvencionable e establecerase como importe mínimo unha contía de 1.000 euros e máximo de 5.000 por club e por sociedade anónima deportiva, e de 10.000 por federación. Precisamente, para as federacións deportivas resérvase o 30 % do orzamento total da convocatoria.

A adquisición do equipamento deportivo por parte das entidades solicitantes dependerá da puntuación acadada segundo a aplicación dos criterios establecidos. Nesta convocatoria daráselle maior peso aos méritos da entidade deportiva, así como ao ámbito subxectivo do uso do equipamento.

Ademais, as entidades que recibiron axuda no exercicio pasado poderán volver recibir subvención. Non obstante, as entidades que non recibiran subvención nestes exercicios



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

contarán con 10 puntos co obxectivo de achegar estas subvencións ao máximo de entidades posibles ao longo desta lexislatura.



A XUNTA APROBA 1,72 MILLÓNS DE EUROS PARA ATRAER OS 200 MELLORES EXPEDIENTES UNIVERSITARIOS DO EXTERIOR NA QUINTA CONVOCATORIA DAS BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR

- ***O Goberno galego aumenta en 50 becas BEME para o curso 2021/22 de cara a atraer os galegos do exterior de alta cualificación, incentivando así que fixen a súa residencia e a súa actividade laboral na Comunidade Autónoma***
- ***As bolsas sufragan viaxe, matrícula, aloxamento e manutención, cunhas contías que oscilan entre os 7.000 e os 11.574 euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria, por parte da Secretaría Xeral da Emigración, das bolsas excelencia mocidade exterior (BEME máster), cuxa quinta edición supón un novo incremento, tanto no número de prazas dispoñibles como na dotación económica asignada. Deste xeito, o Goberno galego destina 1,72 millóns de euros, impulsando a captación dun total de 200 titulados universitarios galegos e de currículo brillante, residentes no estranxeiro e cunha titulación de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, que poderán cursar estudos de mestrado nalgunha das tres universidades galegas.

A Xunta impulsa así o retorno de currículos brillantes ao tempo que contribúe á fixación de poboación na Galicia territorial, pasando das 150 bolsas do pasado curso ás 200 para o 2021/22.

Con este obxectivo, a Administración autonómica pretende axudar no regreso de máis mozas e mozos a Galicia polas dificultades que poidan existir no exterior como consecuencia da covid-19.

O obxectivo das BEME é non só atraer cada ano galegos que viven fóra e que completen aquí a súa formación especializada, senón que traballen en Galicia e que fixen tamén no territorio galego definitivamente a súa residencia.

Neste sentido, todos os beneficiarios destas axudas contarán, un ano máis, cunha orientación laboral coa que se pretende non só captar para Galicia o talento máis brillante de entre os mozas residentes fóra fomentando o retorno da poboación activa laboral, senón tamén facilitarlles o seu establecemento definitivo na Comunidade. A oferta céntrase en estudos con capacidade de absorción no tecido produtivo e laboral galego.

Requisitos para ser beneficiario e contía da bolsa

Os beneficiarios da iniciativa deben ser galegos por nacemento ou descendentes por consanguinidade, acreditar un mínimo de dous anos de residencia no exterior e estaren admitidos na preinscrición dalgún dos mestrados das universidades galegas.

A bolsa, cuxo importe é de 7.000 ou 7.650 euros (segundo a persoa beneficiaria proceda de Europa ou do resto do mundo) por curso completo de 60 créditos ECTS, destínase a cubrir os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento e manutención na Galicia territorial. Aqueles que



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

se matriculen nun curso de maior duración (90 créditos) disporán dun orzamento total de ata 11.475 euros (en función do continente de procedencia do alumno).

Á convocatoria do ano pasado presentáronse máis de 500 solicitudes procedentes de preto de 30 países distintos.

900 oportunidades de retorno

O obxectivo do Goberno galego é que a publicación desta orde se realice coa maior brevidade posible no Diario Oficial de Galicia (DOG) para que o prazo de solicitudes, que se pechará o 30 de abril, poida abrirse canto antes.

Con esta nova convocatoria o Goberno galego terá ofrecido entre 2017 e 2021, incluíndo as equivalentes de FP, a posibilidade de retornar a un total de 900 mozos galegos do exterior no ámbito universitario.

A XUNTA COLABORA UN ANO MÁIS COA FEGAMP PARA FACILITAR A CAPACITACIÓN DIXITAL DOS GALEGOS A TRAVÉS DA REDE CeMIT

- ***O Goberno galego aprobou hoxe un acordo para achegar 813.000 euros aos centros de referencia da Rede para actividades formativas***
- ***A previsión para o vindeiro ano é incrementar ata as 102.000 as persoas usuarias***
- ***Desde 2011 as aulas impartiron preto de 420.000 horas de formación, que contribuíron a que o uso da internet entre os galegos pasase do 58 % ao 87,4 % nestes nove anos***
- ***De cara á vindeira década estas aulas desempeñarán un papel fundamental para facilitar a acreditación do futuro Marco de competencias dixitais***

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán un ano máis para facilitar que a capacitación dixital pública e gratuíta chegue a todos os galegos a través das actividades da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT).

Así se recolle no acordo, aprobado hoxe no Consello da Xunta, e que artella a cooperación entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Fegamp na xestión da subvención e na entrega e distribución dos fondos públicos ás entidades locais para realizar actividades dixitais, a través da Rede de aulas CeMIT.

Investimento

Ao longo do ano 2021 a Amtega achegará ás administracións locais, a través da Fegamp, 813.000 euros para a realización de actuacións en materia de inclusión dixital nas aulas CeMIT consideradas de referencia. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas, así como da poboación do municipio, correspondéndolles ás entidades locais de máis de 5.000 habitantes unha subvención de 15.000 € e ás de menos de 5.000 habitantes a contía de 7.251 €.

Pola súa banda, a Fegamp continuará prestando un papel fundamental como canle de comunicación coas entidades locais galegas e será a encargada de transferirlles as correspondentes subvencións.

Balance

Durante 2020, a Rede de aulas CeMIT ofertou máis de 41.500 horas de formación dixital, cifra que supuxo un incremento do obxectivo establecido para este ano no número de horas formativas grazas ao labor realizado por parte dos responsables das aulas CeMIT e á crecente colaboración dos máis de 900 aliados dixitais do Plan de inclusión dixital de Galicia.

Desde a posta en marcha en 2011, nas aulas da Rede CeMIT planificáronse máis de 420.000 horas de formación dixital gratuíta, principalmente en alfabetización e capacitación dixital e acadáronse máis de 96.500 usuarios/as rexistrados na rede.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Desde 2014, a Rede CeMIT está habilitada para acreditarlle á cidadanía a certificación galega de competencias dixitais en ofimática (Codix), onde se examinaron preto de 6.200 persoas e obtiveron a certificación 4.200 persoas.

Obxectivos 2021

O obxectivo final da Rede CeMIT é acadar que a cidadanía acceda ao mundo dixital, e dotar os galegos e galegas das capacidades e habilidades dixitais necesarias para facer pleno uso das TIC e aumentar a súa calidade de vida, a empregabilidade, a inserción social e a innovación social dixital.

Concretamente, en 2021 está previsto que a Rede imparta máis de 35.000 horas formativas no eido dixital e acade os 102.000 usuarios e usuarias.

Ademais, a Rede CeMIT será un instrumento fundamental para acreditar os coñecementos con base no novo Marco galego de competencias dixitais.

Tamén se fomentará a certificación de competencias dixitais e o desenvolvemento de actividades como o uso seguro da rede, o manexo da Administración electrónica, a robótica e programación ou o pilotaxe de drons, co fin de dar resposta ás necesidades dunha Galicia dixital.

Máis formación, máis uso da rede

O incremento de servizos dixitais deber ir acompañado de accións formativas e divulgativas que dinamicen o seu uso. Estas medidas repercutiron nun avance en materia de sociedade dixital. Póñeno de manifesto os incrementos rexistrados durante o período 2011-2020. Por exemplo, o uso da internet en Galicia pasou do 58 % ao 87,4 %, medrando 29,4 puntos.

A franxa de 45 a 54 anos está no 94,1%, cando en 2011 apenas superaba o 50 % e no caso concreto da franxa de 55 a 64 anos, pasou do 26 % ao 83,3 %, medrando mais dun 220 %. Entre os 65 e os 74 anos, a cifra chega xa a un 53,7 % de uso cando en 2011 apenas un 9,2 % das persoas desas idades facía uso da internet.

A XUNTA ABRIRÁ UNHA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MELLORAR A COBERTURA MÓBIL EN ZONAS ILLADAS DO RURAL GALEGO

- ***O Concello da Xunta aprobou hoxe unha liña de subvencións a operadores por importe de 4 millóns de euros para o período 2021-2023***
- ***O obxectivo é incentivar os despregamentos en zonas de 65 concellos con carencias de cobertura***
- ***Galicia está a manter contacto coa Comisión Europea, de cuxas directrices dependen os futuros despregamentos, para buscar unha solución a esta problemática***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha primeira convocatoria de axudas a operadores de telecomunicacións para facilitar a cobertura móbil en núcleos illados do rural de 65 concellos por un importe de 4 millóns de euros para o período 2021-2023. Esta medida enmárcase no Plan autonómico para mellorar as comunicacións móbiles no rural, impulsado pola Amtega, que suporá un investimento público total de 10 millóns de euros.

Unha vez aberta a convocatoria, prevista para o mes de xaneiro, os operadores interesados deberán presentar os seus proxectos nos núcleos que elixan dos 290 que se recollen no Plan e as entidades locais que resulten beneficiadas deberán proporcionar terreos para as infraestruturas de telecomunicación do operador público Retegal, nas cales se instalará o equipamento de comunicacións móbiles.

A convocatoria, financiada a un 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), prevé unha subvención do 90 % para os despregamentos dos operadores.

Esta liña de axudas é un paso máis no Plan de mellora de cobertura móbil que puxo en marcha o pasado ano a Amtega, en colaboración coa Fegamp. Un total de 94 municipios adheríronse á iniciativa, trasladando problemas de cobertura en máis de 1.000 núcleos nos cales os técnicos da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) realizaron medicións para comprobar en cales non se cumprían os requisitos mínimos con ningún operador para realizar chamadas de voz coa calidade suficiente.

Tras estas medicións e as alegacións remitidas por parte dos operadores á consulta pública realizada o pasado mes de novembro, serán obxectivo desta convocatoria 290 núcleos en 65 concellos.

Galicia propuxo esta solución á Comisión Europea, que é o organismo que ten que aprobar a convocatoria pública de axudas, coa que está manter contacto e intercambiando información para poder dar resposta á demanda.

A pesar de que Galicia conta cunha cobertura móbil do 98 %, á que contribuíron en boa medida os investimentos públicos para incentivar a extensión do 4G na Comunidade, aínda existen zonas rurais illadas e espazos naturais en que non é posible realizar chamadas de voz a través do móbil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A Xunta busca solucións

Cómpre lembrar que mentres para a conexión á internet existen diferentes tecnoloxías alternativas (fibra, wimax, satélite...), no caso da cobertura móbil non hai alternativa ás redes móbiles que permitan realizar chamadas de voz en mobilidade.

A Xunta puxo en marcha esta iniciativa tras lle solicitar reiteradamente ao Estado a inclusión da cobertura móbil dentro do servizo universal de telecomunicacións para que, ademais do actual dereito de conexión fixa de internet de 1Mbps e de teléfono fixo, os cidadáns poidan ter dereito á cobertura de móbil, en condicións previamente estipuladas.

Ante a falta de efecto destas peticións por parte do Goberno autonómico, a Xunta buscou solucións alternativas e, tras reunirse coa Comisión Europea para garantir a adecuación desta actuación á normativa europea, puxo en marcha esta iniciativa, semellante a outras que están a levar a cabo en Italia e que tamén están a analizar en Alemaña.

O 90 % dos galegos con acceso á internet de 100 Mbps en 2021

A mellora da cobertura de internet foi una das prioridades do Goberno galego, que entre 2010 e 2020 terá investidos 185 millóns de euros de fondos públicos nos dous plans de banda larga que se puxeron en marcha nesta década.

Segundo os últimos datos publicados polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, máis do 99 % dos galegos dispoñen de acceso á internet a través de redes fixas e sen fíos. Ademais, o 66,5 % dos galegos poden acceder a redes de máis de 100 Mbps.

Actualmente, o obxectivo da Xunta é incrementar a porcentaxe de galegos con acceso a redes ultrarrápidas. Para conseguilo puxo en marcha varias actuacións, de xeito complementario ás do Estado e que permitirán que o 90 % dos galegos teñan acceso á internet de 100 Mbps en 2021.

Ademais, o Plan dotou de acceso á internet de máis de ata 350 Mbps 81 polígonos que contan con máis de 1.750 empresas e outras 80 de zonas illadas tamén se beneficiaron de axudas directas para poder acceder a redes ultrarrápidas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO E ACUAES PARA A CONSTRUCIÓN DA NOVA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DA SILVOUTA POR MÁIS DE 56,2 MILLÓNS DE EUROS

- *O convenio establece os termos da colaboración para a execución da nova estación de tratamento de augas residuais e da acometida eléctrica necesaria*
- *O convenio permitirá avanzar nos proxectos construtivos que lle permitan á Administración xeral do Estado a consignación de fondos europeos de reconstrución para financiar as obras*
- *A achega económica do Goberno galego a esta actuación de interese xeral do Estado será dun máximo de case 11 millóns de euros*
- *O obxectivo é conseguir a depuración das augas residuais de Santiago nas condicións de vertedura que exige a normativa vixente, así coma resolver os problemas de capacidade hidráulica da actual depuradora*
- *A Xunta mantén o seu compromiso para que Santiago teña o antes posible unha nova depuradora que permita solucionar os problemas de saneamento que vén arrastrando desde hai anos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedad Estatal de Aguas de las Cuencas de España (Acuaes) para a execución e explotación da nova estación depuradora de augas residuais da Silvouta.

A intervención, valorada en máis de 56,2 millóns de euros, IVE excluído, inclúe a execución dunha nova depuradora e unha acometida eléctrica compatible coas novas necesidades con subministración enerxética de apoio.

Mediante o convenio, régúlase a cooperación entre as partes para a execución e financiamento das obras hidráulicas e, especialmente, avanzar na definición, desenvolvemento e aprobación dos proxectos construtivos que permitan garantir a asignación da axuda con cargo ao Fondo de Reconstrución, *Next Generation UE*.

O Goberno galego achegará un máximo de case 11 millóns de euros ao financiamento do custo da execución das obras da nova depuradora de Santiago, unha actuación declarada de interese xeral do Estado.

A nova infraestrutura hidráulica

A actuación ten como obxectivo conseguir a depuración das augas residuais de Santiago nas condicións de vertedura que exige a normativa vixente, así como resolver os problemas de capacidade hidráulica da actual depuradora, tratar o caudal que chega á estación depuradora co nivel de tratamento necesario para acadar os requirimentos de vertedura ao río Sar e lograr un tratamento de lamas eficiente.

O convenio prevé que a nova depuradora da Silvouta ocupará os terreos da actual e os necesarios dunha nova parcela anexa, situada ao norte.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O proxecto da nova depuradora inclúe a conexión á rede de colector existente na estación de tratamento de augas residuais actual.

A nova acometida eléctrica será desenvolvida nun proxecto construtivo, tamén incluído no obxecto deste convenio, que terá en conta os requisitos técnicos da solución de depuradora seleccionada e os da compañía distribuidora de zona.

Ademais, o deseño da nova depuradora de Santiago preverá as fases construtivas necesarias para que durante a súa execución se cumpran os requisitos de vertedura fixados pola autorización de vertedura.

A Xunta mantén o seu compromiso no impulso desta obra hidráulica declarada de interese xeral do Estado para que Santiago teña o antes posible unha nova depuradora que permita solucionar os problemas de saneamento que vén arrastrando desde hai anos.

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN POR MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS DA OBRA DA NOVA AMPLIACIÓN DE IFEVI EN 5000 m²

- ***Nos vindeiros días licitarase o contrato para a execución desta actuación, que permitirá incrementar a competitividade das instalacións e consolidar eventos de relevancia internacional como Conxemar, Navalía e Mindtech***
- ***Con esta actuación, que se suma á ampliación realizada en 2018, na que se investiron 4M€, a Administración autonómica deixa patente o seu compromiso con Vigo e co seu recinto feiral***
- ***A licitación desta obra pode realizarse tras agardar oito meses polos informes sectoriais do Estado e unha vez que o Concello puxo os terreos á disposición da Xunta de Galicia***

O Goberno galego licitará nos próximos días o contrato para a execución da obra da nova ampliación do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) en máis de 5000 metros cadrados, cun orzamento de 7,27 millóns de euros, logo da autorización desta contratación no Consello da Xunta celebrado hoxe.

En total, está previsto que a Administración autonómica invista 7,65 millóns de euros nesta actuación, incluíndo, ademais da obra obxecto de licitación, diferentes contratos de servizo complementarios. O obxectivo desta iniciativa, coa que a Xunta volve deixar patente o seu compromiso coa cidade de Vigo e co recinto feiral, é incrementar a competitividade das instalacións e consolidar a celebración de eventos de referencia a nivel europeo e internacional como Conxemar, Navalía e Mindtech.

As obras, que se realizarán mediante un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Axencia Galega de Infraestruturas, consisten na ampliación da zona traseira do pavillón 3. Prevese unha nova superficie construída de 6.572,80 m², dos cales 5.536,05 m² se corresponden coa ampliación e 1.036,75 m² coa reforma do edificio existente.

A tramitación do proxecto, aprobado o pasado 26 de novembro polo Consello da Xunta, realizouse mediante o procedemento recollido na Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, unha vez recompilados os informes favorables tanto do Concello de Vigo como dos diferentes órganos sectoriais –tras oito meses de espera, o Estado entregou os últimos informes pendentes en outubro–. O pasado 18 de decembro o Concello de Vigo certificou a dispoñibilidade dos terreos, un requisito previo indispensable para poder continuar a licitación das obras.

Esta ampliación súmase á xa realizada en 2018, en que a Administración autonómica investiu máis de 4 millóns de euros. En total, desde 2005 a Xunta de Galicia leva investidos neste recinto feiral de referencia máis de 15 millóns de euros, aos cales se suma agora o investimento para este novo proxecto.

A XUNTA APROBA A MAIOR CONVOCATORIA PREDOUTORAL E POSDOUTORAL, CON 175 NOVOS CONTRATOS E CUNHA PARTIDA DE 18 M€, UN 5 % MÁIS QUE ESTE ANO

- ***No programa de apoio posdoutoral incrementábase nun 14,3 % a contía destinada a financiar os contratos da modalidade B, para establecemento dunha liña de investigación propia, de tal xeito que queda blindada a consolidación e continuidade dos investigadores beneficiarios en convocatorias anteriores***
- ***En total convócanse 73 novos contratos posdoutorais, con contías que van dos 28.600 e os 49.000 euros anuais, aos cales hai que engadir outros complementos específicos de ata 10.000 euros máis segundo a modalidade***
- ***No programa de apoio predoutoral, de formación inicial de científicos, convócanse 102 bolsas por un importe de 24.000 euros/ano durante tres anos, ademais de ata 6.000 euros para as estadias de tres meses no estranxeiro***

O Consello da Xunta aprobou as ordes conxuntas entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola se convocan as axudas de apoio á formación predoutoral e posdoutoral por un importe de 17,65 millóns de euros (un 5 % máis que este ano) e un total de 175 contratos, o que supón a convocatoria de maior envergadura –tanto a nivel de orzamento como de prazas– realizada ata o de agora en Galicia para estes dous programas.

No que atinxe á dotación económica, cómpre salientar que no programa de apoio posdoutoral, a modalidade B (contratos de dous anos de duración e unha axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, de tal xeito que queda garantida a consolidación e continuidade do labor científico dos investigadores beneficiarios deste programa en convocatorias anteriores) medra un 14,3 %, ao pasar de algo máis de 2,1 millóns do presente ano aos case 2,5 millóns para esta nova convocatoria.

Por programas, no de apoio á etapa predoutoral convocarase un total de 102 prazas por un importe de 8.262.000 euros (un 1,6 % máis que a deste ano). E no caso das posdoutorais convócanse 73 prazas (49 para formación posdoutoral –a antiga modalidade A– e outras 24 para a modalidade B), cunha partida global de 9.398.700 euros, que supoñen unha suba do 8,4 % con respecto a este ano.

Programa de apoio predoutoral

A Xunta de Galicia destina un total de 8.262.000 euros para garantir a formación inicial dos investigadores galegos a través de 102 novas bolsas para contratos predoutorais no Sistema Universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i cunha duración de tres anos.

O obxectivo deste programa, que se vén desenvolvendo desde o ano 2012, é a formación do persoal investigador desde etapas iniciais (preparación da tese doutoral), partindo da base de que, mediante procesos formativos estables, adquirirán as habilidades propias do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

persoal investigador. En concreto, hoxe hai 299 predoutorais realizando os seus traballos de investigación en Galicia grazas a esta liña de apoio da Xunta de Galicia.

Trátase de contratos de tres anos de duración que inclúen estadías de tres meses no estranxeiro. As persoas que resulten seleccionadas recibirán unha contía de 24.000 euros anuais, aos cales hai que engadir un complemento de estadía no estranxeiro que pode acadar os 6.000 euros de máximo, xa que varía en función da zona de destino. Deste xeito, se o científico escolle Portugal ou Andorra recibirá 2.000 euros; se realiza a súa estadía en Europa (salvo os dous países anteriores), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá) terá á súa disposición 4.000 euros; e se o destino é Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía, a achega será de 6.000 euros.

A convocatoria vai destinada ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos e Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras e doutores nos seus centros, e divídese en dúas modalidades.

Programa de apoio á formación posdoutoral

Ao abeiro do Programa de apoio posdoutoral, o Consello da Xunta deu o visto e praxe á convocatoria dun total de 73 contratos, 49 deles na modalidade de formación posdoutoral (ata o de agora denominada modalidade A) e outros 24 contratos da modalidade B.

Para este fin o Goberno galego destina un total de 9.398.700 euros, o que supón un incremento do 8,4 % con respecto aos recursos destinados para estas mesmas convocatorias no presente ano.

No caso dos contratos de formación posdoutoral, e debido ao actual contexto de pandemia, a Xunta readapta e flexibiliza esta convocatoria de xeito que quede absolutamente garantido o proceso formativo das persoas beneficiarias.

Así, a duración global da axuda segue a ser dun máximo de tres anos, pero elimínanse as fases pechadas e estadías de dous anos no estranxeiro e un ano de retorno, de xeito que as estadías se poden desenvolver de xeito flexible durante todo o período que dure o contrato. Tamén se incorporan varios sistemas para aqueles casos en que, por razóns excepcionais, non se poidan realizar estadías no estranxeiro, e que estas se poidan substituír por centros de I+D+i nacionais alleos á Comunidade Autónoma de Galicia.

A modalidade de formación posdoutoral consiste nun contrato de ata tres anos de duración, cun importe de 28.600 euros brutos anuais en concepto de salario e custos sociais. Ademais, por cada mes de estadía, os beneficiarios recibirán un complemento de 1.000 euros (Portugal ou Andorra), 1.500 euros se o destino da estadía está en Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América, agás Estados Unidos e Canadá, e 2.000 euros se o destino da estadía está en Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía. Así mesmo, as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

persoas investigadoras que acaden a condición de bolseiras Fulbright recibirán a maiores outra contía de 500 euros brutos mensuais durante cada período de estadía en Estados Unidos.

Programa de apoio posdoutoral modalidade B

Por outra parte, a modalidade B autorizada hoxe consiste nun contrato de dous anos de duración e nunha axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, co fin de dar continuidade á carreira investigadora destas persoas, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.

Poderanse conceder ata 24 axudas (20 para as universidades do Sistema universitario galego e catro no resto de entidades beneficiarias) de dous anos, por un importe total máximo de 49.000 euros anuais cada unha delas. O importe das axudas nesta modalidade destinarase ao pagamento dos contratos, custos sociais, axuda para a creación dunha liña de investigación propia e complementos a cada entidade beneficiaria por persoa contratada. Entre os gastos considerados elixibles, asociados á creación dunha liña de investigación propia, están a compra de pequeno equipamento inventariable e material funxible ou material bibliográfico, a contratación de persoal investigador ou auxiliar, ou os gastos derivados do uso de ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, entre outros.

Está dirixida ao persoal doutor investigador beneficiario dunha axuda posdoutoral na modalidade A da convocatoria de 2017 e que non renunciase ao contrato, que estivesen contratados a través da modalidade A da convocatoria de 2016, finalizasen o seu contrato con posterioridade ao 31 de xullo de 2019 e obtivesen unha avaliación positiva; ou que tivesen un contrato posdoutoral por parte do Gain nas entidades establecidas e que non renunciase á dita axuda, entre outros requisitos establecidos na convocatoria.

A XUNTA REFORZA O SEU COMPROMISO COAS OBRAS DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CUNHA NOVA ACHEGA DE 200.000 €

- ***O incremento no orzamento permitirá actuar sobre a fachada da Inmaculada e poñer en marcha a segunda fase de restauración da Corticela***
- ***Os novos traballos, que amplían o convenio en marcha, non interferirán na actividade do interior das naves durante a celebración do Xacobeo 2021***
- ***Todas as actuacións forman parte dunha estratexia integral de intervencións fixada no ano 2009, cando se aprobou o Plan director do Conxunto Catedralicio***

A Xunta de Galicia reforza o seu compromiso coa restauración e rehabilitación da Catedral de Santiago de Compostela ampliando e renovando o Convenio de colaboración asinado co Cabido do conxunto catedralicio e coa Fundación Catedral o pasado mes de abril. Trátase dunha addenda ao acordo inicial que permitirá completar a última fase das obras impulsando traballos na fachada da Inmaculada e poñendo en marcha actuacións no ámbito da Capela da Corticela, tanto no seu interior como no acceso ou nun conxunto escultórico de pedra policromada.

Así, o Consello da Xunta autorizou hoxe a ampliación do convenio que implica a modificación do prazo de vixencia co obxectivo de garantir a perfecta execución das intervencións xa en marcha ou previstas, así como a elaboración e tramitación de toda a documentación final de obra e a xustificación de todos investimentos e gastos realizados. Ademais, esta modificación inclúe tamén un incremento de 222.000 € no investimento do Goberno galego para actuacións na Catedral, o que eleva a partida asignada para este convenio ata os 972.000 euros.

Neste sentido, ademais de atender as necesidades en diferentes ámbitos da Catedral, como a fachada á rúa Fonseca do edificio claustral, a Torre do Reloxo, a cuberta da capela da Comunión e as capelas penitenciais e absidais, o acordo entre a Xunta, o Cabido e a Fundación Catedral impulsará tamén obras da segunda fase na Corticela que permitirán mellorar o estado de conservación actual do seu interior, o acceso e un conxunto escultórico de pedra policromada. Así mesmo, actuarase sobre a fachada da Inmaculada. Todas elas afectarán só a capela ou o exterior da basílica e non interferirán na actividade do interior das naves durante o Xacobeo 2021.

Final do proxecto iniciado en 2009

Cómpre destacar que a necesidade de levar a cabo estas actuacións para completar o proxecto da Catedral xurdiu do programa de conservación e restauración previsto no Plan director e iniciado no ano 2009 e que clasificaba as intervencións en prioritarias, secundarias e de remate; as máis necesarias e urxentes foron as postas en marcha ese mesmo ano pola Xunta, a Catedral o Consorcio e o Goberno central. Desde entón, as achegas científicas e técnicas ao monumento achegaron información moito máis exacta e real do estado de conservación o que ampliou o coñecemento sobre as súas necesidades.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Foron precisamente estas novas necesidades as que foron modificando a programación inicial motivando pequenos aprazamentos debido ao nivel de detalle que requiren os traballos de redacción dos distintos proxectos e os prazos que demandaron os procesos técnicos, de investigación e análise previa e de xestión da contratación, altamente complexos, especializados e coidadosos, tal como exixen e precisan os valores culturais singulares e excepcionais presentes no conxunto catedralicio.

A estas circunstancias uníronse as derivadas da pandemia provocada pola covid-19 e as necesarias medidas de protección das persoas e de limitación da mobilidade e actividade que imposibilitaron rematar as obras incluídas no convenio asinado no mes de abril.

Con esta modificación, a Xunta de Galicia, o Cabido da Catedral e a Fundación Catedral reforzan de novo os lazos que permitiron reinaugurar a basílica de Compostela 800 anos despois da súa construción e iniciar o Xacobeo 2021 coa maior parte das obras xa rematadas. Deste xeito, os 970.000 euros achegados integramente polo Goberno galego súmanse aos máis de 17 millóns de euros investidos consonte os convenios levados a cabo entre o Goberno do Estado, a Xunta de Galicia, o Cabido e a Fundación Catedral e que permitiron completar as obras de restauración inauguradas a pasada semana.

A XUNTA IMPULSA A CONTRATACIÓN DUN CENTO DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN CO APOIO DE 800.000 € ÁS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

- ***A Consellería de Emprego e Igualdade aprobou hoxe no Consello da Xunta a liña de axudas destinada ás empresas de inserción laboral de Galicia co obxectivo de favorecer a inserción laboral de persoas desempregadas***
- ***Apóíase o mantemento do custo salarial dos traballadores e os custos para o inicio de actividade, a formación ou a creación de novos postos de traballo para persoas en proceso de inserción laboral***
- ***A Xunta aposta polo emprego inclusivo a través da nova Axenda 20 destinando en 2021 á economía social máis de 33M€, un 22 % máis que en 2020***

O Consello da Xunta, na súa aposta polo emprego inclusivo e, en xeral, pola economía social, aprobou hoxe a liña de axudas destinada en 2021 á contratación de persoas en situación ou en risco de exclusión social en empresas de inserción laboral. A Consellería de Emprego e Igualdade investirá nesta actuación 800.000 euros -un 5,6 % máis que en 2020- co obxectivo de impulsar o emprego en 11 compañías desta tipoloxía a través da contratación de 100 persoas. Esta iniciativa forma parte da nova Axenda 20, a través da cal se destinarán á economía social en 2021 máis de 33 millóns de euros, un incremento do 22 % con respecto a 2020.

Estes apoios, polo tanto, van dirixidos ás empresas de inserción laboral para a contratación de persoas en risco ou situación de exclusión social que estean así cualificadas polo Sistema Galego de Servizos Sociais. Para optar a estas axudas, cada empresa de inserción laboral deberá ter como mínimo un 30 % dos seus postos de traballo ocupados por persoas en situación de exclusión e as persoas en proceso de inserción laboral poderán estar contratadas un máximo de 3 anos. Non se apoiarán contratacións inferiores a 6 meses nin xornadas laborais inferiores ao 50 %.

As empresas de inserción laboral son aquelas que, entre outros requisitos, proporcionan aos seus traballadores medidas personalizadas de apoio, os seus cadros de persoal están formados nun 30 % como mínimo por persoas en risco ou situación de exclusión social e aplican o 100 % dos seus resultados á mellora ou ampliación das estruturas produtivas vinculadas á inserción laboral dos seus traballadores ou a programas de inserción laboral das súas entidades promotoras, ás que tamén van dirixidas estas axudas. En concreto, as entidades promotoras son aquelas corporacións de dereito público, entidades sen ánimo de lucro ou fundacións que inclúen a inserción social das persoas en risco de exclusión entre os seus fins e promoven a constitución de empresas de inserción laboral.

O programa da Xunta, que prevé pagamentos anticipados de ata o 90 % da axuda concedida, inclúe dúas liñas: axudas para o mantemento do custo salarial dos traballadores e, doutra banda, incentivos para compensar os custos adicionais do emprego, como por exemplo, os gastos derivados do proceso de creación das empresas ou de formación dos empregados, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No primeiro caso, a Administración Autonómica financia os custos salariais cunha contía equivalente ao 100 % do salario mínimo interprofesional mensual (incluídas dúas pagas extras) por cada traballador contratado.

A segunda liña de axudas conta con sete tipos de apoios diferentes. Así, incentívase a asistencia técnica para a creación, mellora e diversificación das empresas de inserción laboral, o inicio e posta en marcha da actividade e a creación e ampliación de novos postos de traballo para persoas en proceso de inserción laboral, sempre que os novos contratos estean relacionados coas actividades desenvolvidas pola empresa de inserción.

Así mesmo, a Consellería de Emprego e Igualdade financia a contratación de xerentes ou persoas técnicas de produción; a contratación de persoas técnicas en orientación e acompañamento á inserción; a formación das persoas en proceso de inserción laboral; e a transformación de contratos en indefinidos. Neste último caso, apoiarase con 6000 euros a contratación de persoas en proceso de inserción laboral nunha empresa ou a transformación dun contrato en indefinido na mesma compañía de inserción laboral. Esta contía tamén se concederá para aquelas persoas que se convertan en autónomos ou se incorporen como socios traballadores a unha sociedade cooperativa ou laboral.

Este programa de axudas garante que as dificultades que poidan sufrir estas entidades como consecuencia da covid-19 non supoñan prexuízo ningún de cara á súa permanencia como empresa de economía social nin para obter as axudas autonómicas.

Aposta pola economía social

Estas axudas enmárcanse, polo tanto, na aposta do Goberno galego pola economía social. Este mesmo mes, o Consello da Xunta informou de dous programas dotados con preto dun millón de euros para seguir impulsando en Galicia a economía social como un motor de crecemento económico sustentable, que crea emprego de calidade, integrador, centrado nas persoas e asentado no territorio. Para o Goberno galego as entidades da economía social teñen un papel decisivo como motor da reactivación económica por formar parte da esencia dos galegos e galegas e por ter demostrado tradicionalmente gran resiliencia ante os cambios.

A XUNTA INVESTIRÁ 30,2M€ NA POSTA EN MARCHA DE 81 OBRADOIROS QUE PERMITIRÁN A FORMACIÓN E O ACCESO AO EMPREGO DE 1.500 GALEGOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de dous programas de axudas: para os obradoiros duais e para os dirixidos aos menores de 30 anos***
- ***Os duais contarán cun orzamento de 23,1 millóns de euros para cualificar e favorecer o acceso laboral de 1.200 persoas desempregadas***
- ***Priorizaranse as persoas que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son, entre outros, os emigrantes retornados, mulleres vítimas de violencia de xénero, parados de longa duración ou persoas con discapacidade***
- ***Os participantes recibirán, ademais da formación, un contrato de traballo de 9 meses de duración e primaranse os programas que inclúan formación forestal, a posta en valor das rutas do Camiño de Santiago, proxectos de aldeas modelo ou os promovidos por concellos incluídos en áreas declaradas reservas da biosfera***
- ***O programa de emprego para persoas mozas contará con máis de sete millóns de euros para beneficiar a preto de 300 menores de 30 anos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, que terán un contrato laboral de 12 meses***

A Xunta investirá máis de 30,2 millóns de euros na convocatoria 2021-2022 dos obradoiros de emprego co obxectivo de que 1.500 persoas sen emprego amplíen a súa formación ao tempo que acceden a un contrato de traballo. A previsión da Administración autonómica é poñer en marcha, en colaboración cos concellos e entidades sen ánimo de lucro do sector forestal, un total de 81 programas.

O Consello da Xunta autorizou hoxe, dunha banda, a orde de axudas destinada ao desenvolvemento dos obradoiros duais, uns apoios que contan cun investimento de máis de 23,1 millóns de euros e dos cales se poderán beneficiar os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a eles, así como entidades sen ánimo de lucro do sector forestal.

A Administración autonómica estima poder incrementar as oportunidades laborais de 1.200 galegos e galegas que se atopen en situación de desemprego coa realización destes 62 obradoiros duais.

Os beneficiarios, ademais de optar a unha formación de calidade, contarán cun contrato de traballo de 9 meses de duración, ao tempo que desenvolverán servizos de interese xeral e social á comunidade. Ademais, ao remate dos obradoiros, os alumnos e alumnas recibirán un certificado de profesionalidade con validez en todo o Estado, ao tempo que poderán optar a un traballo posterior en empresas da contorna onde tivo lugar o obradoiro por un período mínimo de tres meses. A Xunta, para iso, concederá incentivos á contratación.

A Consellería de Emprego e Igualdade primará os obradoiros vinculados á formación forestal; á conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación delimitadas do Camiño de Santiago; os que teñan por obxecto actuacións enmarcadas en proxectos de aldeas modelo, dirixidas á recuperación e rehabilitación arquitectónica e urbanística; e os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

promovidos por concellos que teñan todo o parte do seu termo municipal incluído en áreas declaradas reservas da biosfera.

Con respecto aos participantes nos obradoiros, priorizaranse as persoas demandantes de emprego que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son as persoas emigrantes retornadas; as mulleres; as mulleres vítimas de violencia de xénero; aqueles que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos; as persoas que non teñan titulación universitaria ou de FP de grao superior, e as persoas con discapacidade.

Menores de 30 anos

Con respecto á convocatoria do programa de emprego para persoas mozas menores de 30 anos, a Xunta investirá máis de sete millóns de euros para a posta en marcha de 19 obradoiros que beneficien preto de 300 mozos e mozas de 18 anos ou máis inscritos e en situación de beneficiarios no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Os participantes, ademais de recibir formación de calidade, contarán cun contrato de traballo de 12 meses de duración.

Os proxectos poderán ser promovidos por concellos, mancomunidades de concellos e entidades públicas dependentes ou vinculadas a concellos ou mancomunidades. Estes programas tamén inclúen a posibilidade de que os alumnos e alumnas, ao remate dos obradoiros, poidan optar a un contrato laboral nunha empresa da contorna durante un mínimo de seis meses a xornada completa para ocupacións nas materias impartidas na fase de formación.

En definitiva, os obradoiros duais e os dirixidos a menores de 30 anos son programas mixtos de emprego e formación que teñen por finalidade ocupar persoas desempregadas mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que lle posibiliten ao alumnado realizar un traballo efectivo que incida na súa cualificación e favoreza unha posterior inserción laboral. O obxectivo é, en consonancia coa Axenda de Emprego, incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas para minimizar os efectos da crise sanitaria.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DEDICA MÁIS DE 67 MILLÓNS DE EUROS AO TRANSPORTE SANITARIO NAS SÚAS ÁREAS

- ***Cobre o servizo de transporte sanitario terrestre non urxente e hospitalario urxente para os pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde***
- ***A prestación deste servizo terá unha duración de tres anos***

O Servizo Galego de Saúde vai investir un total de 67.506.883 euros no transporte sanitario non urxente e hospitalario urxente nas sete áreas sanitarias. Así o aprobou o Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe, logo de autorizar a contratación deste servizo. A prestación deste servizo terá unha duración de tres anos.

O contrato ten por obxecto a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e hospitalario urxente, para os pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde. Este servizo atinxe tanto o que se realiza dentro das áreas sanitarias anteriormente ditas como entre as distintas áreas de saúde da Comunidade Autónoma. Ademais, inclúense os traslados fóra de Galicia cando sexan por conta das xerencias e, excepcionalmente, traslados internacionais de enfermos aos cales exista o deber legal e convencional de prestar os ditos servizos en vehículos especialmente acondicionados para o efecto.

Deste importe de máis de 67 millóns de euros, un total de 12.255.500 euros corresponden ao transporte para a área sanitaria da Coruña e Cee; 14.267.481 euros para a de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, mentres que para a área sanitaria de Pontevedra e O Salnés se dedican 11.476.778 euros. Na área sanitaria de Vigo o orzamento chega ata os 17.348.010 euros e na de Santiago de Compostela e Barbanza aos 13.583.974 euros; na de Ferrol é de 8.415.873 euros.

A presente contratación ten como obxectivo dar cumprimento ao disposto no Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde en relación co transporte sanitario das persoas con discapacidade, cando esta lles impida desprazarse nos medios comúns de transporte.

Ademais, está previsto aprobar no vindeiro Consello da Xunta o importe de 14.881.726 para a área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE 18M€ PARA A GRATUIDADE DOS SEGUNDOS FILLOS E SUCEIVOS NAS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL E PRIVADAS

- ***Destinaranse 7,5 millóns de euros para o funcionamento e a gratuidade das escolas infantís de iniciativa social e 10,6 millóns de euros para as escolas infantís privadas***
- ***Entre as novidades desta convocatoria está o seu carácter plurianual, un anticipo do 100 % da axuda e un incremento das subvencións para os centros de iniciativa social que contén comedor e utilicen habitualmente alimentos de proximidade***

O Consello da Xunta aprobou un investimento de máis de 18 millóns de euros para que as escolas infantís de iniciativa social e privadas sigan sendo gratuítas para os segundos fillos e sucesivos. Trátase dunha medida en que Galicia é pioneira en España desde o pasado mes de abril e da cal se benefician tanto as familias que elixen unha escola infantil pública autonómica como unha municipal, de iniciativa social ou privada.

En concreto, dentro desta convocatoria destínanse 7,5 millóns de euros para o funcionamento e a gratuidade nas escolas de iniciativa social e 10,6 millóns de euros para a gratuidade nas escolas infantís privadas. Ademais, inclúense novidades como que pasa a ser unha convocatoria plurianual, que cubrirá tanto os meses que quedan do curso 2020/21 como todo o curso 2021/22.

Así mesmo, incorporárase un anticipo do 100 %, de xeito que cada escola cobrará dunha soa vez e de xeito anticipado toda a contía que lle corresponde neste ano. Como terceira novidade, no caso das escolas infantís de iniciativa social que contén comedor, as axudas incrementáranse un 2,25 % no caso de que utilicen habitualmente alimentos de proximidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA AUTORIZA UNHA NOVA CONVOCATORIA PARA POÑER Á DISPOSICIÓN DOS CONCELLOS UN TOTAL DE 35 UNIDADES DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- ***Incrementábase nun 50 % o investimento destinado a este servizo, ata chegar aos 3 millóns de euros***
- ***Ademais de consolidar as 27 unidades existentes, poderanse poñer en marcha ata oito unidades novas***

O Consello da Xunta autorizou unha nova convocatoria para poñer á disposición dos concellos galegos un total de 35 unidades de atención temperá. Para iso, o Goberno galego destinará 3 millóns de euros, o que supón un incremento do 50 % respecto dos fondos que se destinan nestes momentos á Rede Galega de Atención Temperá.

Este incremento dos fondos permitirá lograr dous obxectivos: por unha banda, consolidar as 27 unidades de atención temperá que xa existen e que actualmente atenden máis de 1.300 nenos e, por outra, financiar que os concellos poñan en marcha ata oito novas unidades. Para iso, esta nova orde incrementa entre un 1,5 % e un 3 % os fondos que a Xunta destina a cada unha destas unidades.

O Goberno galego vén incrementando a Rede Galega de Atención Temperá durante os últimos dez anos ata multiplicar por oito a súa extensión. En concreto, pasou de haber 15 concellos que dispoñen deste servizo no ano 2009 aos 117 municipios que o teñen en 2020. Ademais destas unidades de atención temperá de titularidade municipal, Galicia dispón de recursos de atención temperá en hospitais públicos e de tres unidades nas comarcas do Deza, O Salnés e Bergantiños, que xestiona a Asociación Galega de Atención Temperá coa colaboración económica da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA APROBA A PRÓRROGA DA TARXETA BÁSICA ATA O 30 DE XUÑO DO ANO QUE VÉN PARA SEGUIR AXUDANDO AS PERSOAS QUE MÁIS O NECESITAN

- ***O Goberno galego destina un total de 26,5 millóns de euros desde a súa implantación***

O Consello da Xunta aprobou a prórroga da Tarxeta básica ata o vindeiro 30 de xuño para seguir axudando as persoas que máis o necesitan. Este recurso beneficia a máis de 30.000 galegas e galegos a través das máis de 16.000 tarxetas que se emitiron ata a actualidade. Con esta decisión, o Goberno galego destina á Tarxeta básica un investimento total de 26,5 millóns de euros desde a súa implantación.

Este servizo cumpre as condicións máis exixentes que marcan os expertos en inclusión social xa que é urxente e practicamente inmediata, pois desde que se solicita ata que se obtén pasa un período máximo de 72 horas. Ademais, é unha actuación coordinada, pois implica na súa xestión a Xunta, que achega o financiamento; os servizos sociais municipais, que revisan os expedientes dos solicitantes; e ás entidades sociais, neste caso, a Cruz Vermella, que a xestiona. Ademais, é unha axuda que non estigmatiza o beneficiario, xa que cando paga no establecemento ninguén sabe se o fai cunha tarxeta de crédito ou con esta tarxeta moedeiro.

É importante lembrar que o importe da Tarxeta básica depende do número de membros da unidade familiar. Así, nos fogares unipersoais, a contía é de 150 euros ao mes; nos fogares con dous membros é de 200 euros mensuais; e nos de tres ou máis membros de 300 euros.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA INVISTE 2,25 M€ PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS PILOTO, NOVOS PRODUTOS, PRÁCTICAS E TECNOLOXÍAS NOS SECTORES ALIMENTARIO, AGRÍCOLA E FORESTAL NO ANO 2021

- *O Consello da Xunta deulle o visto e praxe á convocatoria das achegas da Consellería do Medio Rural para que os beneficiarios poidan cobrar pagamentos parciais sen ter que presentar aval bancario ningún*
- *Esta liña de axudas está destinada a fomentar a innovación nestes ámbitos produtivos mediante a incorporación de novidades ou coa aplicación de produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías xa existentes onde tradicionalmente non se utilizaban*
- *Esta medida intégrase no Plan de reactivación e dinamización impulsado por Medio Rural para facer fronte á crise provocada pola covid-19 no agro galego e recolle un investimento total de 165 millóns de euros*

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), dependente da Consellería do Medio Rural, investirá 2,25 millóns de euros en axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías, no ámbito agroforestal. Estas achegas están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. O orzamento divídese en 450.000 euros para a anualidade de 2021, 1,35 millóns de euros para o 2022 e 450.000 euros para o ano 2023.

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe á convocatoria destas axudas para o exercicio de 2021, así como á exención de garantías para que os beneficiarios poidan cobrar pagamentos parciais sen ter que presentar aval bancario ningún, unha medida que se vén adoptando en anos anteriores para facilitar o acceso ás subvencións.

Os beneficiarios poden ser organizacións ou entidades relacionadas coa produción primaria en agricultura, gandería ou silvicultura e empresas ou industrias transformadoras destes sectores, así como da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal.

En canto ás accións subvencionables, as áreas prioritarias de actuación son a xestión sustentable dos recursos naturais, os sistemas agrarios de produción, a industria e cadea agroalimentaria, a bioeconomía e a aplicación das tecnoloxías da información e comunicación ao sector.

Esta medida, aprobada hoxe polo Consello da Xunta, intégrase no Plan de reactivación e dinamización impulsado por Medio Rural para facer fronte á crise provocada pola covid-19 no agro galego e que, en conxunto, recolle un investimento total de 165 millóns de euros.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA HABILITOU UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 374,2 MILLÓNS PARA APOIAR A FAMILIAS, SECTORES E CONCELLOS ANTE A COVID-19

- *O Goberno galego puxo á disposición unha ampla batería de axudas desde o principio da pandemia*
- *Máis da metade do orzamento destinouse a actuacións de sostemento do emprego, dinamización económica e apoio a persoas autónomas e pemes*
- *Unha das partidas máis importantes dirixiuse a atender ás persoas en situación de especial vulnerabilidade e ás familias galegas*
- *Tamén destacan as axudas a sectores especialmente afectados, como as liñas específicas para hostalería ou ocio nocturno*
- *A Administración autonómica pagará esta semana preto do 70% das solicitudes recibidas a través do Plan de rescate para autónomos, microempresas e establecementos hostaleiros*
- *En total, estímase preto de 121.000 beneficiarios, entre organizacións, concellos, empresas, autónomos ou familias e particulares*

A Xunta habilitou, desde que comezou a pandemia, distintas liñas de apoio dirixidas a familias, sectores produtivos e concellos por valor de case 374,2 millóns de euros. Nesta batería de axudas estivo implicado o conxunto do Goberno galego e foron deseñadas en diálogo permanente cos colectivos afectados.

Máis da metade deste orzamento -o 56%, en total 210 millóns de euros- destinouse a actuacións de sostemento do emprego, dinamización económica e apoio ás persoas autónomas e pemes. Aquí encádranse, por exemplo, as axudas da Vicepresidencia segunda para apoiar ás empresas galegas a garantir a seguridade laboral e xerar confianza no consumidor, as axudas á dixitalización ou os préstamos con xuros baixos. Tamén se inclúe neste apartado o Plan de rescate da Consellería de Emprego e Igualdade, dotado con 86,2 millóns de euros, logo de ampliar en 2,2 millóns o crédito inicial para atender á totalidade das solicitudes recibidas por parte de autónomos, microempresas e establecementos hostaleiros pechados como consecuencia das medidas implantadas pola autoridade sanitaria para facer fronte á covid-19. Nestes momentos xa se tramitaron todas as solicitudes recibidas, un total de 40.147, e ao longo desta semana chegarase a pagar xa preto do 70% das mesmas (27.423 peticións). É dicir, en menos dun mes desde a publicación das axudas, preto dun 70% dos apoios xa están chegando aos cidadáns para dotarlles de liquidez. Ademais, ao longo do mes de xaneiro aboarase o resto das peticións que cumpran cos requisitos.

Outro dos puntos importantes nos que se centrou a acción da Xunta durante estes meses foi o ámbito social, que concentra unha das partidas máis importantes. Así, a Consellería de Política Social habilitou 61,5 millóns de euros para atender ás persoas en situación de especial vulnerabilidade e apoiar ás familias galegas. Destacan neste ámbito as axudas para a conciliación para as familias con menores de 12 anos, a Tarxeta Básica para a compra de produtos de primeira necesidade ou o Bono Coidado Extraordinario para dependentes. Neste ámbito, tamén cómpre destacar o esforzo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que habilitou axudas ao alugueiro para as persoas en situación de especial vulnerabilidade pola covid-19 e ampliou o importe do Bono Alugueiro Social ata o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

100% a todos os beneficiarios desta axuda, entre as que se inclúen as vítimas de violencia de xénero.

O apoio aos distintos sectores, tendo en conta as necesidades específicas de cada un deles e ás dificultades particulares que enfrontaban, foi outro dos elementos claves da acción do Goberno galego. Nestes meses, fíxose especial fincapé en axudar aos sectores especialmente afectados, como a hostalería que, ademais de poder acceder ás liñas de axudas xerais de autónomos, microempresas ou aos préstamos, ten tamén á súa disposición unha liña específica. Ademais, está a recibir apoio para a adaptación de terrazas e adquisición de elementos para a recollida ou entrega a domicilio de comida. A isto súmanse as axudas habilitadas pola Vicepresidencia primeira para colaborar no pagamento do alugueiro dos locais do ocio nocturno, o sector que se mantivo pechado totalmente por máis tempo. O turismo tamén recibiu un apoio especial, a través de iniciativas como o Bono turístico, dotado con 5 millóns de euros.

A Consellería do Medio Rural e a do Mar puxeron en marcha tamén un amplo abano de axudas para o sector primario, que suman máis de 37,3 millóns de euros. Neste apartado englobanse axudas como as dirixidas ao sector vacún de carne, flor cortada e planta ornamental ou os préstamos a adegas; así como as axudas pola paralización temporal de marisqueo, ás empresas transformadoras e aos acuicultores. En concreto, no sector de vacún xa se tramitou o pago de máis do 98% das axudas, a un total de 4.532 beneficiarios, por un importe global de preto de 7 millóns de euros. No que atinxe á flor cortada e planta ornamental, os beneficiarios son 100 en total e deles xa percibiron a achega 83. O importe global destas últimas axudas suporá un desembolso de 1,6 millóns de euros.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade achegou 38,2 millóns de euros para colaborar na organización dos centros educativos fronte á pandemia, así como para soste o sector cultural. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade mobilizou máis de 28 millóns de euros para achegar liquidez ao transporte público galego.

En definitiva, a Administración autonómica deseñou un paquete de axudas transversais que, desde o comezo da pandemia, supuxo a posta a disposición de case 374,2 millóns e que se estima que chegarán a preto de 121.000 beneficiarios, incluíndo entidades, concellos, autónomos, familias e particulares, polo que os beneficiarios indirectos serán moitos máis.

A maioría do orzamento mobilizouse a través de subvencións (93,3%), seguido por préstamos, convenios, e outros tipo de procedementos administrativos.

Actuación rápida e transversal

Todo estas axudas están sendo postas en marcha pola Xunta, en diálogo cos sectores afectados e adaptándose ás restricións sanitarias vixentes en cada momento e ás consecuencias que estas supoñen, co obxectivo de contribuír á reconstrución social e económica. Esa será a liña de traballo a seguir tamén no próximo ano.

Cómpre recordar que Galicia xa activou no mesmo mes de xuño un Plan de Reactivación económica. A través deste plan, foi unha das primeiras comunidades autónomas en facilitar



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

un anticipo da nómina aos traballadores afectados por ERTE, habilitar axudas para completar os ERTE de menor contía ou aprobar prestacións para traballadores en desemprego maiores de 55 anos. Tamén se puxeron en marcha liñas de crédito, aprazáronse cotas de amortización, activáronse axudas para a dixitalización de empresas ou se puxo en marcha o Plan de recuperación social.

A medida que se fixeron precisas novas medidas, foron poñéndose en marcha, como foi o caso do Plan de rescate para persoas autónomas, as axudas ao transporte público ou ao sector primario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA RENOVA PARA O PRÓXIMO ANO AS AXUDAS DO BONO ELÉCTRICO GALEGO PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN NOS FOGARES

- *A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación informou na reunión do Consello desta orde que contará cun orzamento de 1,3M€, ampliable se for necesario*
- *Os apoios están dirixidos aos consumidores que máis o necesitan para que poidan facer fronte aos gastos da súa factura da luz*
- *En 2020 preto de 4400 familias se beneficiaron destas axudas autonómicas, que poden chegar aos 450 euros*
- *Galicia é a única Comunidade que ten en marcha este mecanismo complementario ao estatal que evita o corte da subministración*

O Consello da Xunta de Galicia avaliou hoxe as axudas do bono eléctrico galego e renovará en 2021 esta convocatoria dirixida ás familias máis vulnerables que complementa o bono social do Estado. O obxectivo é evitar os cortes de subministración eléctrica nos fogares. A través desta orde, á cal se destinan inicialmente 1,3M€, xa se concederon este ano preto de 4400 axudas.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación convocará no mes de xaneiro estes apoios, que se dirixen a consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social. Os destinatarios son persoas residentes en Galicia e titulares dun servizo de subministración eléctrica que teñan contratada a tarifa de último recurso e sexan consumidores vulnerables severos (por tanto, beneficiarios do bono social estatal cun 40 % de desconto) e estean en risco de exclusión social.

As axudas outorgaranse por concorrencia non competitiva a todos cantos cumpran os requisitos e suporán un 50 % da factura eléctrica correspondente á vivenda habitual do solicitante, cunha contía máxima anual de 300 ou 450 euros -no caso de familias numerosas-. Esta cantidade, unida ás axudas estatais, permitirá que as familias con máis dificultades non teñan que pagar pola súa factura eléctrica, garantindo, deste xeito, o acceso continuado á subministración nos fogares máis vulnerables e dando resposta a unha necesidade básica dos cidadáns, pois non se lles poderá cortar o servizo mentres sexan beneficiarios desta axuda.

Como mostra do compromiso coa axilidade deste procedemento, establécese un prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude ata a súa resolución, polo que, unha vez que se comprobe que se cumpren os requisitos, realizará o pagamento a Vicepresidencia Económica directamente aos comercializadores de referencia cos que se renovará o protocolo de colaboración. Este pagamento realizarase de xeito mensual, segundo se vaian remitindo as facturas.

Con esta liña de axudas, adaptada á normativa estatal, a Xunta segue fiel ao seu compromiso coas familias máis desfavorecidas que non contan coa posibilidade de facer fronte ás súas facturas eléctricas. Asegúrase, así, o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica, garantindo que non se produzan cortes no servizo, xa que a



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

normativa estatal establece que os puntos de subministración deste tipo de beneficiarios serán considerados esenciais e, polo tanto, non se lles poderá cortar, sempre e cando exista o oportuno convenio entre a Administración autonómica e as comercializadoras. Galicia xa foi pioneira nesta liña de axudas no ano 2018 –e a única Comunidade que conta cun mecanismo destas características–. Desde entón concedéronse 9732 axudas por un importe de algo máis de 3M€. Antes, a Xunta contaba co ticket eléctrico e con axudas para evitar os cortes de subministración, das cales se beneficiaron entre 2014 e 2017 máis de 12.500 familias.

Bono social térmico

De xeito paralelo, o Goberno galego está distribuindo máis de 6M€ –transferidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico– a máis de 80.000 familias galegas beneficiarias do bono social térmico, un programa de concesión de axudas directas para compensar os gastos económicos dos consumidores máis vulnerables polo uso de calefacción, auga quente ou cociña. Os beneficiarios son os mesmos que os que teñen concedido o bono social eléctrico en 31 de decembro de 2019.

SANIDADE INVISTE 2,3 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE MATERIAL SANITARIO FUNXIBLE E NA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS POLO CORONAVIRUS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe este orzamento, a maior parte do cal vai destinado a mercar 9.689.460 luvas por valor de 1.092.537 euros***
- ***Ademais, vanse dedicar 247.070 euros para as tarefas de almacenamento, distribución e loxística da vacina contra a covid-19***

O Consello da Xunta aprobou a contratación, polo trámite de emerxencia, da subministración de diversos materiais sanitarios funxibles para facer fronte á covid-19, por un importe total de 2.063.468 euros.

Este orzamento destínase fundamentalmente á adquisición de 9.689.460 luvas de exame de nitrilo por un importe de 1.092.537 euros e 250.000 unidades de sistemas de recollida e transporte de saliva por valor de 875.000 euros. Completan o total da cantidade investida 53.300 euros para a compra de 1.300.000 agullas, 34.500 euros para a adquisición de 1.000.000 de xiringas e 8.131 euros destinados a mercar 960 pousatubos de plásticos.

O obxecto desta contratación é efectuar unha nova compra de material de protección e de diagnóstico necesario para o uso por parte dos profesionais e doentes na actual crise sanitaria da covid-19 e tamén para dispoñer dunhas existencias suficientes como stock estratéxico ante unha posible repunta da pandemia. Así mesmo, adquirese material necesario para poder administrar a vacina fronte ao virus.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de Expertos no seguimento do coronavirus e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles repuntas. O Comité de Expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

Vacina da covid

Tamén se aprobou hoxe a contratación, polo trámite de emerxencia, do servizo de almacenamento, distribución e loxística da vacina contra a covid-19, por un importe total de 247.070 euros.

A xustificación desta contratación vén motivada polas características das vacinas, xa que deberán garantirse as condicións axeitadas de almacenamento, transporte, temperatura, rastrexabilidade e seguridade.

As doses asignaranse nominalmente para cada cidadán que se vaia vacinar nos puntos de vacinación, ao cales serán remitidas desde o punto central por medio dunha rede segura de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

transporte monitorizada, con seguimento constante telemático de temperatura e de localización. Deberán ser recepcionadas por persoal de enfermaría responsable da vacinación no punto correspondente.

O Consello da Xunta, na súa reunión do día 17 de decembro, aprobou o Plan de vacinación do virus SARS-COV-2, que busca xerar progresivamente a inmunidade de grupo necesaria na poboación galega, de tal xeito que permita superar a crise sanitaria actual.